

REGULAMENTO SANITARIO

“FEIRA GANDO VACÚN DE CARNE – FRIOL”

Procedencia:

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obrigatoria para as especies receptivas que concorran ao evento.

Deberán ser transportados en vehículos que cumpran as normas relativas a protección animal, limpados e desinfectados antes da carga.

Así mesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

Identificación:

Os animais que concorran ao evento deberán estar identificados individualmente, mediante crotal auricular autorizado con arranxo ao Regulamento (CE) 1760/2000, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

Programa sanitario:

So poderán concorrer ao evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Oficialmente Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

Ademais, dentro dos **30 días anteriores á celebración do evento**, os animais que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Todos os animais bovinos terán resultado negativos as probas serolóxicas de detección do antíxeno da **Diarrea Vírica Bovina (BVD)**, realizadas nun **laboratorio oficial**. Nos animais menores de 5 meses de idade, a proba realizarase no cartílago auricular.
- 2) Os animais maiores de 24 meses terán resultado negativos as probas para a detección de anticorpos fronte ao *Mycobacterium avium paratuberculosis* (**Paratuberculose**), realizadas nun **laboratorio oficial**.

- 3) Os animais maiores de 5 meses que asistan ao certame, deberán presentar un resultado negativo as probas para a detección de anticorpos fronte á glicoproteína gE da **Rinotraqueíte Infecciosa Bovina (IBR)** realizada nun **laboratorio oficial**.

Todos os animais que asistan serán sometidos ao recoñecemento por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais da Xunta de Galicia, que comprobarán o estado sanitario dos mesmos e a documentación sanitaria de orixe que os ampare, sendo corresponsable a organización do evento da admisión de animais que non cumpran os requisitos deste Regulamento.

As normas sanitarias deste Regulamento serán vixentes mentres a situación epizootiolóxica non cambie, estando suxeitas a posibles modificacións que serán debidamente comunicadas.